

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**8187** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras. («BOE» 108, do 4-5-2004.)*

Advertido erro no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 6, do 1 de maio de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

(Na páxina 1347, primeira columna, na disposición derradeira segunda, tanto no título coma no corpo da disposición, onde di: «Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies porcina, ovina e caprina», debe dicir: «Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina».

**8188** *ORDE APA/1147/2004, do 30 de abril, relativa ás importacións de froitos frescos de cítricos orixinarios de Arxentina e Brasil e pola que se derroga a Orde APA/3151/2003, do 12 de novembro, relativa ás medidas de protección contra o «citrus canker» («Xanthomonas axonopodis pv. Citri»), a mancha negra («Guignardia citricarpa») e «Elsinoe spp» dos froitos cítricos. («BOE» 108 do 4-5-2004.)*

A experiencia nas importacións de froitos cítricos frescos orixinarios de Arxentina e Brasil durante a pasada campaña 2003, constatou na inspección fitosanitaria realizada a eses froitos en repetidas ocasións a presenza dos organismos nocivos «Xanthomonas axonopodis pv. Citri» e «Guignardia citricarpa», organismos de cuxa existencia non se ten constancia na Comunidade Europea, polo que a normativa comunitaria prohíbe a súa introdución nela cando se presentan sobre determinados vexetais ou produtos vexetais. Isto supuxo o rexeitamento de todas as partidas afectadas, e a adopción por España de medidas fitosanitarias de salvagarda para a protección da citricultura española e da Unión Europea.

As citadas medidas consistiron na suspensión cautelar da importación e introdución no territorio da Península e das Baleares a partir do 13 de novembro de 2003 de froitos cítricos frescos orixinarios deses dous países,

mediante Orde APA/3151/2003, do 12 de novembro, relativa ás medidas de protección contra o «citrus canker» («Xanthomonas axonopodis pv. Citri»), a mancha negra («Guignardia citricarpa») e «Elsinoe spp» dos froitos cítricos, medidas de salvagarda previstas no artigo 16.2 da Directiva 2000/29/CE, trasposta ao ordenamento español a través do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro. A citada directiva recolle que este tipo de medidas fitosanitarias deixan de producir efecto unha vez adoptadas pola Comisión Europea as accións oportunas en relación co problema suscitado.

Por solicitude de España, e tras a oportuna aprobación polo Comité Fitosanitario Permanente da Unión Europea, adoptouse a Decisión da Comisión do 29 de abril de 2004, relativa a medidas de emerxencia provisionais respecto a determinados cítricos orixinarios de Arxentina ou Brasil, destinada a protexer a citricultura española e da Unión Europea contra a introdución dos organismos nocivos en cuestión. Esta decisión exige unhas condicións fitosanitarias máis rigorosas aos froitos cítricos procedentes de Arxentina e Brasil a partir da campaña de importación 2004 próxima a comezar, exixencias que se aplicarán a todas as importacións que se realicen na Unión Europea ao se tratar de medidas comunitarias. Para efectuar convenientemente estes controis, cómpre limitar os puntos de inspección fronteirizos (PIF), polos cales se poden introducir estes produtos.

Os resultados destas medidas de emerxencia serán sometidos a unha avaliación comunitaria entre o 1 de maio de 2004, data de entrada en vigor delas, ata o 30 de novembro do mesmo ano, data en que se dá por finalizada a campaña de importacións destes países. Como consecuencia desta avaliación poderanse considerar medidas posteriores, que poderán ser máis estritas se se pon de manifesto que as agora postas en marcha son insuficientes ou non se respectaron.

En consecuencia, procede deixar sen efecto as medidas cautelares adoptadas por España ao final da pasada campaña de importacións e, en consecuencia, derrogar a Orde APA/3151/2003.

O artigo 9.1 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, faculta o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para tomar as medidas fitosanitarias de salvagarda.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Importación de cítricos.*

1. Os froitos cítricos frescos orixinarios de Arxentina ou Brasil poderanse importar ou introducir na Península e nas Baleares sempre que se cumpran os requisitos establecidos na Decisión da Comisión do 29 de abril de 2004 relativa a medidas de emerxencia provisionais

respecto a determinados cítricos orixinarios de Arxentina ou Brasil, durante o período de vixencia dela.

2. Mentres se manteña en vigor a dita decisión, os puntos de inspección fronteiriza autorizados para a introdución dos froitos cítricos frescos orixinarios de Arxentina ou Brasil son os portos de Barcelona, Tarragona, Castellón, Sagunto, Valencia, Gandía, Cartagena e Algeciras.

A Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá autorizar, excepcionalmente e por causas xustificadas, a importación destes cítricos a través doutros puntos de inspección fronteiriza distintos dos anteriormente citados.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a Orde APA/3151/2003, do 12 de novembro, relativa ás medidas de protección contra o «citrus canker» («*Xanthomonas axonopodis* pv. *Citri*»), a mancha negra («*Guignardia citricarpa*») e «*Elsinoe spp*» dos froitos cítricos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.10.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre comercio exterior e sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de abril de 2004.

ESPINOSA MANGANA

## XEFATURA DO ESTADO

**8765** REAL DECRETO LEI 1/2004, do 7 de maio, polo que se apraza a entrada en vigor da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario. («BOE» 114, do 11-5-2004.)

A Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, levou a cabo unha profunda reordenación do transporte por ferrocarril de competencia estatal, que se basea na apertura progresiva do devandito modo de transporte, compasada aos ritmos e prazos que establezan as normas do dereito comunitario, á competencia entre empresas e agrupacións internacionais de empresas establecidas na Unión Europea, e na completa separación das actividades de administración da infraestrutura ferroviaria e as de explotación dos servizos de transporte.

No plano organizativo, a reforma legal comporta a extinción da entidade pública empresarial Xestor de Infraestruturas Ferroviarias, a transformación de Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis (RENFE) e a creación de dous novos organismos públicos, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, encargado da proxeción, construción e mantemento das infraestruturas e da xestión dos seus sistemas de control e seguridade, e RENFE-Operadora, responsable da prestación de servizos de transporte.

A consecución destes obxectivos sen minguas para a eficacia e a seguridade do transporte ferroviario require, ademais, un amplo conxunto de normas de desenvolvemento da Lei 39/2003, do 17 de novembro, expresamente previstas nela, cuxa aprobación simultánea ou en datas inmediatas á da entrada en vigor da lei resulta estritamente necesaria para completar, con garantías de certeza e de seguridade xurídicas, o novo réxime xurídico do sector ferroviario.

En efecto, a propia lei, que non contén determinación ningunha acerca da organización interna e das regras de funcionamento das dúas novas entidades públicas empresariais por ela creadas, prevé que, antes do inicio da súa vixencia, o Goberno deberá aprobar os estatutos do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e de RENFE-Operadora, convertendo desta forma tales normas en pezas indispensables para a aplicación da lei.

Ao mesmo tempo, a planificación, construción e uso da infraestrutura ferroviaria, o outorgamento de licenzas ás empresas ferroviarias e o acceso destas á infraestrutura, o funcionamento do Comité de Regulación Ferroviaria, as atribucións e normas de actuación da inspección ferroviaria, as condicións de seguridade que ha de reunir o material rodante para circular pola Rede Ferroviaria de Interese Xeral, os canons pola utilización das infraestruturas ferroviarias ou os requisitos de cualificación e especialización exigibles ao persoal ferroviario son, todos eles, elementos esenciais para a implantación do novo modelo de ordenación do transporte ferroviario. A Lei 39/2003, do 17 de novembro, abordou a regulación de tales materias enunciando regras, directrices e principios básicos necesariamente xerais que requiren, para acadaren plena eficacia, seren concretados e pormenorizados mediante a aprobación das normas regulamentarias a que a lei reenvía en cada caso.

Coa finalidade de permitir que, antes do inmediato inicio da vixencia da lei, se complete o marco xurídico regulador do novo modelo de ordenación do sector ferroviario estatal coa aprobación das normas de desenvolvemento que resulten imprescindibles para asegurar a súa aplicación ordenada, resulta imprescindible demorar, con urxencia e durante un prazo prudencial, a data de entrada en vigor da Lei 39/2003, do 17 de novembro.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 2004,

DISPŌÑO:

Artigo único. *Prórroga da data de entrada en vigor da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.*

Amplíase ata o 31 de decembro de 2004 o prazo establecido no punto 1 da disposición derradeira terceira da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, para a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de maio de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ  
ZAPATERO